



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 6 DE FEBREIRO DE 2012**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/1837/2005.- PROMOSAN GALICIA, SL.-** Autorizar a devolución das cotas de urbanización.

**LIC/32/2012.- CONSTRUCCIÓN RIVERA MOSTEIRO, SL.-** Prórroga da licenza concedida na Xunta de Goberno Local do 14 de xuño de 2011.

**LIC/1211/2011.- RAUL VIQUEIRA MOSCOSO.-** Corrección de erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de setembro de 2011.

#### **DEVOLUCIÓN DE FIANZA**

LIC/93/2012.- JESUS OTERO OTERO.....LIC/159/2002..... 6.585 €

LIC/99/2012.- CONSTRUCCIONES RUAFER, SA.....LIC/607/2007..... 6.000 €

LIC/101/2012.- CONSTRUCCIONES RUAFER, SA .....LIC/716/2008..... 1.500 €

LIC/98/2012.- CONSTRUCCIONES RUAFER, SA .....LIC/718/2008..... 1.500 €

LIC/96/2012.- CONSTRUCCIONES RUAFER, SA .....LIC/720/2008..... 1.500 €

LIC/100/2012.- CONSTRUCCIONES RUAFER, SA .....LIC/722/2008..... 1.500 €

LIC/102/2012.- CONSTRUCCIONES RUAFER, SA .....LIC/818/2008..... 1.500 €

LIC/97/2012.- CONSTRUCCIONES RUAFER, SA .....LIC/821/2008..... 1.500 €

LIC/2030/2011.- RAMON LEON SUAREZ .....LIC/555/1987..... 333.200 pesetas

LIC/118/2012.- JOSE ANTONIO TORRES TORRES.....LIC/1053/2005..... 4.279 €

LIC/117/2012.-CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES INMOBILIARIAS POMCAR, SL.

LIC/346/2002.....171.062,46 €

LIC/68/2012.- JOSE CARLOS RODRIGUEZ FRAGA.....LIC/2598/2005...246.000 pesetas

LIC/109/2012.- RICARDO CACHEDA PEREZ.....LIC/31/2010..... 6.000 €

### **5.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa a axudas de carácter social.**

A XGL aprobou diversas axudas de carácter social por un importe de 8.030,72 €.

### **6.- Proposta da alcaldía relativa á Sociedade Mixta Deportiva XADE S.L.**

A proposta da Alcaldía, a XGL aprobaou requerir ao adxudicatario de servizos deportivos UTE TRAP, SA-SIDECU S.L., hoxe ST RECREO OCIO Y ESPECTÁCULOS, S.L., e á sociedade Mixta creada XADE, S.L., os investimentos non levados a efecto, que se concretan na execución dunha piscina no interior do Multiusos Fontes do Sar e dunha sala de servizo médico e de fisioterapia. Concédese un prazo de 15 días naturais para presentar os proxectos das devanditas obras ou alegar os motivos fundados que non permitiron facer as instalacións.

### **7.- TRANSMISION DA TITULARIDADE DA LICENZA DE AUTOTAXI Nº 59 A FAVOR DO CONDUCTOR ASALARIADO ANDRES GOMEZ REY.**

A XGL aprobou a transmisión.

### **8.- LISTADO DEFINITIVO DAS AUTORIZACIÓNS VENDA AMBULANTE RENOVADAS PARA O ANO 2012 NA EXPLANADA DE SALGUEIRIÑOS.**

A XGL aprobou o listado.

### **9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á resolución de recursos de reposición e outras incidencias no**

**Proxecto de Reparcelación do 3º sector do solo urbanizable non programado número 37 (SUNP-37.3). Costa Vella.**

A XGL aprobou estimar parcialmente un recurso no que se modifica o valor da parcela 52 que se incrementa de conformidade co informe asinado polo arquitecto de EMUVISSA, ata acadar unha cita de 333.154,38 €. Asimesmo rexeitáronse outros recursos na súa totalidade á vista dos informes do asesor xurídico de EMUVISSA. Recoñécese a titulariedade da parcela nº 43 para Talleres Vigo Romero S.L. e apróbbase o expediente complementario para incluír na Conta de liquidación do polígono a cantidade de 5.288,56 € en concepto de gastos realizados para o estudo do Camiño de Santiago.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á resolución de recursos de reposición e outras incidencias no Proxecto de Reparcelación do solo urbanizable non programado número 38 (SUNP-38). Formarís.**

Resólvense os recursos.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa a aceptar a suspensión das encomendas de xestión realizadas a EMUVISSA por Acordo da Comisión de Goberno do 15 de abril de 2002.**

A vista dos acordos do Consello de Administración de EMUVISSA, a XGL aprobou a proposta da Concelleira de Urbanismo para aceptar a suspensión das encomendas de xestión feitas a EMUVISSA: SUNP-37 Costa Vella, SUNP-38, Formarís e a relativa ó SUNP-11, Castiñeiriño.

**12.- Aprobación do programa de axudas sociais 2012 segundo o desglose contido no expediente.**

A XGL aprobou as cuantías do Programa de axudas sociais para 2012.

- Axudas Emerxencia Migración, aloxamento e vivenda:7.000 €.
- Bolsa Comedor Escolar: 30.000 €.
- Gastos excepcionais: 30.000 €.
- Actividades escolares: 4.000 €.
- Vivenda e aloxamento: 58.000 €.
- Comedor escolar: 2.000 €.
- Manutención: 57.000 €.

**13.- Prórroga do contrato de aluguer do local número 3 da rúa Presidente Salvador Allende.**

A XGL aprobou a prórroga do contrato de aluguer utilizado como oficina municipal sito na rúa de Salvador Allende nº 3. Pactouse non revisar o IPC.

**14.- Adquisición de plantas de tempada para primavera-verán para diversas zonas da cidade.**

A XGL aprobou a compra da especie de pranta Sunpatiens á vista do bo resultado da mesma. O Departamento de Parques e Xardíns ten previsto plantar nesta tempada unha superficie de 100.000 m2, en cinco cores: branco, vermello, laranxa, rosa e violeta. Isto farase cun custo de 18.835,20 €.

**15.- Aprobación de gastos do mantemento das instalacións deportivas.**

Apróbbase un importe de 17.500 euros.

**16.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Comercio, Mercados e Turismo relativa á resolución do concurso de escaparatismo SCQ SHOPPING NADAL 2011.**

Resólvese o concurso de escaparatismo SCQ SHOPPING NADAL 2011 co seguinte resultado:

1º Premio, CHARCUTERÍA SECO-3.653,41 €.

2º Premio, OPTICA PUENTECASTRO-2.892,95 €.

3º Premio, establecemento comercial COMO PEZ EN EL AGUA-1.779,20 €.

Os premios consistirán no pago de campañas de comunicación en medios locais.

**18.- Solicitud dunha subvención á consellería de Traballo para programación de accións formativas a persoas traballadoras desempregadas.**

-Apróbase a solicitude de subvención á Xunta para o Centro de Sanxúas de Aríns nas seguintes especialidades formativas, programa 1a:

- Organización proxectos instalacións solares-térmicas-708 H.

- Montaxe e mantemento instalacións solares-térmicas-658 H.
- Operacións fontanerías e calefacción-climatización doméstica-558 H.
- Operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas-298 H.
- Instalación de elementos de carpintería-578 H.
- Montaxe e mantemento de redes de auga-528 H.
- Para o Centro do CERSIA, programa 1a:
  - Xestión integrada de R..HH-776 H.
  - Asistencia á dirección-628 H.
  - Xestión contable e xestión administrativa para auditoría-648 H.
- Para o Centro de Sanxuás de Aríns, programa 1b:
  - Xestión de montaxe e mantemento de parques eólicos-698 H.

**19.- Solicitud dunha subvención á consellería de Traballo para realización de actividades de información, orientación e búsqueda de emprego.**

A XGL aprobou a solicitude dunha subvención á Xunta para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego. A subvención establecida terá por obxecto cubrir as retribucións e custos da SS ata un máximo de 30.688,29 €/ano.

**20.- Servizo de mantemento de aplicacións de T-SYSTEMS durante o exercicio 2012 (xaneiro a decembro) (Inclúe xestión tributaria e recadatoria, padrón de habitantes e convocatorias electorais).**

Aprobouse a contratación para o ano 2012 do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión tributaria e recadatoria, padrón de habitantes e convocatorias electorais; así como a súa adxudicación a T-Systems, subministradora e creadora de programas informáticos por un importe de 33.692,53 €.

**21.- Aprobación da prórroga do convenio entre o concello de Santiago e a Fundación Refuxio de Animais.**

Aprobouse a prórroga do Convenio entre o Concello e o Refuxio de animais por un importe de 161.500 €.

**22.- Adxudicación do contrato de Subministro e instalación de semáforos centralizados nas interseccións da rúa República do Salvador coas rúas Doutor Teixeiro e Xeneral Pardiñas.**

A XGL aprobou a adxudicación do subministro e instalación de semáforos nas interseccións da rúa República do Salvador coas rúas Doutor Teixeiro e Xeneral Pardiñas. A adxudicación faise a TELVENT TRÁFICO Y TRANSPORTE S.A., por un importe de 35.958,51 €.

**24 a 44.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmoables.**

Concédense os devanditos beneficios.

**45.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo e Vivenda relativa ao pago resolución xurado parcela 9 do proxecto de expropiación para a execución de accesos ao Parque Deportivo de Sar.**

Apróbase a proposta polo que o Concello ten que pagar 1.106 euros máis 1.000 en concepto de intereses.

**46.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais, para o desenvolvemento da formación en centros de traballo.**

Dáse conta da devandita sinatura para a realización de prácticas por parte dos estudantes de Traballo Social.